



CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA ASESORÍA XURÍDICA	
ENTRADA Nº	SAÍDA Nº 88
Data: 25.02.2009	

Visto o **modelo tipo** de follas de especificacións e do prego de condicións que rexerán os **contratos de servizos** (contrato non suxeito á regulación harmonizada e procedemento aberto/restrinxido) a tramitar pola Fundación Semana Verde de Galicia, esta Asesoría Xurídica, ó abeiro do convenio suscrito con data 24 de outubro de 2008, **infórmao favorablemente** por axustarse ó ordenamento xurídico e en especial ás Instrucións reguladoras do procedemento para a contratación da referida Fundación aprobadas polo seu Padroado con data 30 de outubro de 2008, así como á Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público e demais normativa do seu desenvolvemento.

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2009

O Letrado asesor xurídico da Consellería de Presidencia,
Administracións Públicas e Xustiza



Josefa A. Fernández Vázquez

SRA. DIRECTORA XERAL DA FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE
GALICIA



FUNDACION
SEMANA VERDE
DE GALICIA



FUNDACION
SEMANA VERDE
DE GALICIA

~~INFORMADO FAVORABLEMENTE
POLA ASESORIA XURÍDICA~~

Santiago,

23 FEB. 2009

INDICE

	<u>Páxina</u>
FOLLA DE ESPECIFICACIÓNS	3
PREGO DE CONDICIÓNS	9
1.- Definición obxecto do contrato	9
2.- Réxime xurídico	9
3.- Identificación do órgano de contratación e perfil de contratante	10
4.- Procedemento e forma de adxudicación	10
5.- Condicións de aptitude esixibles para contratar	11
6.- Sistema de determinación de prezo	11
7.- Orzamento	11
8.- Crédito orzamentario	11
9.- Garantía provisional	12
10.- Garantía definitiva	12
11.- Lugar e prazo das proposicións	13
12.- Variantes	13
13.- Formalización das proposicións	13
13.1.- Documentación xeral (sobre A)	15
13.2.- Documentación técnica e económica (sobre B)	17
14.- Comisión de selección	18
15.- Criterios de adxudicación	18
16.- Adxudicación da contratación	19
17.- Obrigas previas á adxudicación definitiva	19
18.- Formalización de contratos	20
19.- Execución do contrato	20
20.- Cesión de dereitos de propiedade intelectual e industrial	21
21.- Prerrogativas	21
22.- Penalidade de demora	22
23.- Forma de pago	22
24.- Gastos esixibles ao adxudicatario	22
25.- Cesión do contrato	23
26.- Resolución do contrato	23
27.- Xurisdicción competente	24
ANEXO I	24

PREGO DE CONDICIÓNS

(REFERENCIA: _____)

**MODELO DE SERVICIOS PARA A
FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE GALICIA**

CONTRATO NON SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA.
PROCEDIMENTO PÚBLICO ABERTO/RESTRINXIDO. TRÁMITE _____





FUNDACION
SEMANA VERDE
DE GALICIA

~~INFORMADO FAVORABLEMENTE
POLA ASESORIA JURIDICA
Santiago, 25 Feb 2009~~



FUNDACION
SEMANA VERDE
DE GALICIA

FOLLA DE ESPECIFICACIONES

(REFERENCIA: _____)

**MODELO DE SERVICIOS PARA A
FUNDACION SEMANA VERDE DE GALICIA**

CONTRATO NON SUXEITO A REGULACION HARMONIZADA.
PROCEDEMENTO PUBLICO ABERTO/RESTRINXIDO. TRAMITE _____

1.- OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto do presente contrato é o servizo segundo as características definidas no prego de prescricións técnicas, para a Fundación Semana Verde de Galicia.

Tempo obxecto do servizo: _____

2.- RÉXIME JURIDICO

O contrato celebrado terá a consideración de contrato privado.

O contrato rexerese, en canto a súa adxudicación pola Instrucción reguladora dos procedementos para a contratación da Fundación Semana Verde de Galicia con data 30 de Outubro de 2008 e publicada na web da Fundación (www.feiragalicia.com), e no seu defecto pola LCSP e as súas disposicións de desenvolvemento, no que sexa aplicable a esta Fundación, ou no que proceda polas remisións efectuadas polas presentes follas de especificacións, os pregos de condicións e os pregos de prescricións técnicas, aplicándose supletoriamente as normas de dereito privado.

En canto aos seus efectos e extinción rexerese polo dereito privado.

- 3 -



3.- IDENTIFICACIÓN DO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN E PERFIL DE CONTRATANTE

Órgano de contratación: Dirección Xeral da Fundación Semana Verde de Galicia.

Perfil de contratante: Poderá consultarse na páxina web da Fundación Semana Verde de Galicia (www.feiragalicia.com) e na plataforma de contratación autonómica (www.contratosdegalicia.es)

4.- PROCEDEMENTO E FORMA DE ADJUDICACIÓN

Forma de Adjudicación: Procedemento Aberto/Restrinxido

Tipo de Contrato: Servizo non suxeito a regulación harmonizada

Tipo de tramitación: _____

5.- CONDICIÓN DE APTITUDE ESIXIBLES PARA CONTRATAR

A capacidade de contratar acredítase de acordo o establecido no artigo 61 da LCSP.

En ningún caso poderán contratar coa Fundación Semana Verde de Galicia as persoas que estean incursoas nalgún dos supostos de prohibición do artigo 49.1 da LCSP.

As empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea estaranse ao disposto no artigo 47 da LCSP.

As empresas non españolas e non comunitarias estaranse ao disposto no artigo 44 da LCSP.

As unións de empresarios poderán contratar coa Fundación Semana Verde de Galicia segundo o establecido no artigo 48 da LCSP.

6.- SISTEMA DE DETERMINACIÓN DO PREZO

O sistema de determinación do prezo é _____ segundo: _____

- 4 -





FUNDACION SEMANA VERDE DE GALICIA
INFORMADO FAVORABLEMENTE
POLA ASESORIA XURIDICA
 Santiago, **25 FEB 2009**

7.- VALOR ESTIMADO

Orzamento base de licitación en letra (IVE excluído): _____

Orzamento base de licitación en número (IVE excluído): _____ €

Orzamento IVE: _____ €

8.- CRÉDITO ORZAMENTARIO

O servizo será financiado con cargo ós orzamentos da Fundación Semana Verde de Galicia na súa partida económica: _____

9.- GARANTÍA PROVISIONAL

10.- GARANTÍA DEFINITIVA

Según apartado 10 do prego de condicións.

11.- LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓN

As proposicións presentaranse na seguinte dirección:
 Fundación Semana Verde de Galicia
 Recinto Feiral s/n
 36540 Silleda (Pontevedra)
 Teléfono: 986577000 -- Fax: 986580865

No prazo de _____ días dende a publicación en prensa (tramitación ordinaria: mínimo 15 días; tramitación urxencia: mínimo 10 días)

12.- MEDIOS DE ACREDITACIÓN DA SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA

A solvencia económica e financeira xustificárase mediante un informe de institucións financeiras ou, no seu caso, xustificante de existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.

Reputarase solvente ao licitador que achegue un informe dunha institución financeira que se pronuncie expresamente sobre a súa solvencia económica para a realización do obxecto contractual relacionado nesta folia de especificacións.

No suposto de presentar un seguro de indemnización de riscos profesionais considerárase solvente o licitador que acredite ter subscrito dito seguro cunha entidade aseguradora por capital equivalente ao orzamento base da licitación multiplicando por 1.5.

13.- MEDIOS DE ACREDITACIÓN DA SOLVENCIA TÉCNICA OU PROFESIONAL

A acreditación da solvencia técnica deberá xustificarse mediante unha relación das principais contratacións de servizos de tipoloxía semellante á que é o obxecto deste Procedemento efectuadas durante os tres últimos anos, indicando o seu importe, data, e destino público ou privado, á que se incorporan os correspondentes Certificados sobre estas.

Os servizos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público, ou cando o destinatario sexa un comprador privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario.

Reputarase solvente ao licitador que declare ter executado en conxunto servizos semellantes que representen un volume de negocio igual ou superior ao do orzamento base de licitación ao tempo que incorpore o correspondente certificado sobre o mesmo.

De acordo con isto, e en relación coa solvencia técnica e profesional o licitador deberá cubrir o seguinte cadro que se incluíra no sobre A "Documentación Xeral"



**INFORMADO FAVORABLEMENTE
POLA ASESORA XURIDICA
Santiago, 25 FEB, 2009**

Relación de servicios semelhantes nos últimos tres anos			
Denominación	Importe	Data	Destinatario
.....

14.- VARIANTES

.....

15.- CRITERIOS OBXECTIVOS DE ADJUDICACIÓN

O criterio de adjudicación a seguir, por orden crecente de ponderación, vai ser:

1.- Oferta económica. Ponderación: ata _____ puntos
A valoración da mellora económica realizarase atribuíndo a mellor oferta económica o número máximo de puntos, descontándose para o resto a mesma porcentaxe de puntos en proporcionalidade a relación de cada oferta económica coa mellor presentada.

Para os efectos do artigo 136 da LCSP poderán ter a consideración de ofertas desproporcionadas ou temerarias as proposicións económicas nas que a súa porcentaxe de baixa exceda nun 40%, polo menos, a media aritmética de todas as proposicións presentadas.

2.- Melloras técnicas. Ponderación: ata _____ puntos
(Os pregos técnicos precisarán sobre que elemento e en que condicións queda autorizada a súa valoración. No caso de permitirse melloras sobre varios aspectos desglosarase a puntuación das posibles valoracións a cada unha delas)

3.- Outros criterios. Ponderación: ata _____ puntos

16.- AVALIACIÓN DAS OFERTAS CUXA CUANTIFICACIÓN DEPENDA DUN XUIZO DE VALOR

No caso de que se avalíen as ofertas de acordo con criterios cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor, indicación de que criterios dos enumerados no apartado 15 serán obxecto de indicada avaliación.

17.- GASTOS ESIXIBLES AO ADJUDICATARIO

O adjudicatario estará obrigado a satisfacer os gastos dos posibles anuncios de licitación e de formalización do contrato, ata un máximo de _____ €.

18.- PRAZO E LUGAR DE ENTREGA

Prazo: os _____ obxecto deste contrato entregaranse no prazo máximo de _____ días, ou no prazo menor ofertado, a contar dende a adjudicación definitiva.

Lugar: _____

19.- PRAZO E GARANTÍA

.....

20.- REVISIÓN DE PREZOS

.....

21.- PENALIZACIÓN

Conforme ao disposto no artigo 196 da LCSP

Silleida, a _____ de _____ de 20 _____

Paloma Hidaigo López
Directora Xeral



FUNDACIÓN
SEMANA VERDE
DE GALICIA

PREGO DE CONDICIÓNIS

(REFERENCIA: _____)

**XERAL DE SERVICIOS PARA A
FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE GALICIA**

CONTRATO NON SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA.
PROCEDIMENTO PÚBLICO ABERTO/RESTRINXIDO. TRAMITE _____

1.- Definición obxecto do contrato

O obxecto do presente contrato é o servizo _____
segundo as características definidas no prego de prescrición técnicas, para a
Fundación Semana Verde de Galicia.

Tempo obxecto do servizo: _____

2.- Réxime xurídico

O contrato celebrado terá a consideración de contrato privado.

O contrato rexerese, en canto a súa adxudicación pola Instrución reguladora dos procedementos para a contratación da Fundación Semana Verde de Galicia con data 30 de Outubro de 2008 e publicada na web da Fundación (www.feiragalicia.com), e no seu defecto pola LCSP e as súas disposicións de desenvolvemento, no que sexa aplicable a esta Fundación, ou no que proceda polas remisións efectuadas polas presentes follas de especificacións, os pregos de condicións e os pregos de prescricións técnicas, aplicándose supletoriamente as normas de dereito privado.

En canto aos seus efectos e extinción rexerese polo dereito privado.

3.- Identificación do órgano, contratación e perfil de contratante.



FUNDACIÓN
SEMANA VERDE
DE GALICIA

INFORMADO FAVORABLEMENTE
POLA ASESORIA JURIDICA

Santiago, 25 Feb. 2009

A Dirección Xeral da Fundación Semana Verde de Galicia, será o órgano de contratación da Fundación.

O perfil de contratante poderá consultarse na páxina web da Fundación Semana Verde de Galicia (www.feiragalicia.com), na sección adicada a Concursos e na plataforma de contratación autonómica (www.contratosdegalicia.es)

4.- Procedemento e forma de adxudicación

Según a Instrución Reguladora dos Procedementos para a contratación internos da Fundación Semana Verde de Galicia con data 30 de Outubro de 2008, segundo o artigo 175 da LCSP, a adxudicación do servizo á que se refire o presente prego rexerese polos artigos 122 e seguintes da LCSP polo procedemento aberto ou restrinxido, con varios criterios de adxudicación, e por tramitación urxente tomando coma referencia o artigo 96 da LCSP.

5.- Condicións e aptitude esixibles para contratar

Só poderán contratar coa Fundación Semana Verde de Galicia, as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade para obrar, non estean incursoas na prohibición de contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica de conformidade co esixido neste prego, e que a súa actividade teña relación directa co obxecto do contrato segundo resulte dos seus respectivos estatutos ou regas fundacionais, acreditándose debidamente, e disporá dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

A acreditación da capacidade de contratar será segundo o establecido no artigo 61 da LCSP.

En ningún caso poderán contratar coa Fundación Semana Verde de Galicia as persoas que estean incursoas nalgún dos supostos de prohibición do artigo 49.1 da LCSP.

Respecto das empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea estarase ao disposto no artigo 47 da LCSP.

En canto as empresas non españolas e non comunitarias estarase ao disposto no artigo 44 da LCSP.





FUNDACION
SEMANA VERDE
DE GALICIA

~~INFORMADO FAVORABLEMENTE
POLA ASESORIA JURIDICA
Santiago 25 FEB 2009~~



FUNDACION
SEMANA VERDE
DE GALICIA

Poderán contratar coa Fundación Semana Verde de Galicia as unións de empresarios que se constitúan temporalmente ao efecto, sen que sexa necesaria a formalización das mesmas en escritura pública ata que se efectúe a adjudicación do contrato ao seu favor. As unións de empresarios estarán ao disposto no artigo 48 da LCSP.

6.- Sistema de determinación do prezo

O sistema de determinación do prezo é _____ segundo: _____

7.- Orzamento

O orzamento de licitación será:

Orzamento base de licitación en letra (IVE excluído): _____

Orzamento base de licitación en número (IVE excluído): _____

Orzamento IVE: _____ €

A todos efectos entenderase que as ofertas presentadas polos licitadores comprenden non só o prezo do contrato, senón tamén cantos recargos e impostos sexan legalmente repercutibles e demais gastos que fosen de aplicación. Sen embargo, e segundo o artigo 75.2 da LCSP, indicárase como partida independente o importe do imposto sobre o valor engadido, IVE, que deba soportar a Fundación Semana Verde de Galicia.

As ofertas que sobrepasen o prezo fixado pola Fundación, ou sexan formuladas de forma incorrecta, orixinarán a exclusión do ofertante.

8.- Crédito orzamentario

O servizo será financiado con cargo ós orzamentos da Fundación Semana Verde de Galicia na súa partida económica: _____

- 11 -



9.- Garantía provisional

10.- Garantía definitiva

O adxudicatario entregará a Fundación Semana Verde de Galicia o documento acreditativo da constitución da garantía definitiva no prazo de oito días hábiles unha vez notificada a adjudicación provisional, equivalente ao 5% do importe de adjudicación, excluído o imposto sobre o Valor Engadido. No caso dos contratos con prezos provisionais a que se refire o artigo 75.5 da LCSP, a porcentaxe calcularase con referencia ao prezo máximo fixado. Cando a contía do contrato se determine en función de prezos unitarios, o importe da garantía a constituir fixarase atendendo ao orzamento base de licitación (artigo 23 da Instrución reguladora dos procedementos da Fundación Semana Verde de Galicia).

A garantía definitiva responderá do cumprimento íntegro, polo adxudicatario, das obrigacións asumidas en virtude do propio contrato.

Entenderase que o aval debe presentarse con renuncia ao beneficiario de excusión a que se refire o artigo 1.830 do Código Civil, o primeiro requirimento, así como que so seguro debe constituírse con renuncia do asegurador a opoñer ao asegurado as excepcións que puidieran correspondelle contra o tomador.

En todo caso a garantía esixida poderá presentarse en calquera das formas establecidas no artigo 84 da LCSP, e o regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RD 1098/2001).

Non obstante, atendidas as circunstancias concorrentes no contrato, o órgano de contratación poderá eximir ó adxudicatario da obriga de constituír garantía definitiva, xustificándose axeitadamente nos pregos.

Todo isto sen prexuízo do establecido no artigo 136 da LCSP, en relación coas ofertas desproporcionadas ou temerarias.

11.- Lugar e prazo das proposicións

- 12 -



A documentación para participar neste procedemento, deberá presentarse en man dentro do prazo sinalado na folia de especificacións, no Rexistro Xeral da Fundación Semana Verde de Galicia, sito nas oficinas administrativas da Fundación no Recinto Ferrol s/n, C.P. 36540, Silleda (Pontevedra), número de teléfono 986577000 e número de fax 986580865.

12.- Variantes

13.- Formalización das proposicións

A documentación presentárase en dous sobres independentes redactada en calquera dos dous idiomas oficiais da Comunidade Autónoma Galega e tratándose de empresas estranxeiras deberán acompañar a traducción oficial. Os sobres presentáranse pechados, identificados no seu exterior, con indicación da licitación á que conorra e asinados polo licitador ou a persoa que o represente, e indicación do nome e apelidos ou razón social da empresa.

No interior de cada sobre farase en folia independente o seu contido, enunciando numericamente, procurando, así mesmo, que o contido de cada sobre se atope debidamente paxinado.

Será preciso que o licitador aporte a documentación que integra a proposición dividida en dúas partes:

SOBRE A: DOCUMENTACIÓN XERAL
SOBRE B: DOCUMENTACIÓN ECONÓMICA E TÉCNICA

13.1. Documentación Xeral (Sobre A)

13.1.1. Licitadores non inscritos no rexistro de contratistas

No Sobre A figurarán os documentos (ou fotocopias dos mesmos, debidamente legalizadas ou compulsadas) seguintes:

- Documento acreditativo da personalidade e capacidade do contratista, que será o DNI se se trata de persoa física, ou, se a empresa é persoa xurídica, a escritura de constitución ou de modificación da mesma, no seu caso, inscritas no Rexistro Mercantil cando este requisito fora esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o

fora, a acreditación da capacidade de obrar realizarase mediante a escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional no que constaren as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente Rexistro Oficial. (Artigo 61 da LCSP)

- Cando varias empresas acudan á licitación constituindo unha Unión de Empresarios, cada un dos empresarios acreditará a súa personalidade e capacidade, debendo indicar os nomes e circunstancias dos empresarios que subscriban e a participación de cada un deles. Así mesmo, deberán designar a persoa ou entidade que durante a vivencia do contrato ostentará a plena representación de todos fronte á Fundación Semana Verde de Galicia, sendo aplicable o artigo 48 da LCSP.

- Os empresarios non españois de estados membros da Unión Europea ou asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a inscrición nos Rexistros e presentación das certificacións que se indican no artigo 61 da LCSP

- As empresas de estados non pertencentes a Unión Europea deberán xustificar mediante informe da respectiva Misión Diplomática Permanente española, que se acompañará á documentación que se presente, que o Estado de procedencia da empresa estranxeira admite a súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración e cos entes, organismos, ou entidades do sector público asimilables aos enumerados no artigo 3 da LCSP, en forma análoga.

- Cando o licitador non actúa en nome propio ou se trate dunha persoa xurídica deberá acompañar un poder declarado bastante pola Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia e igualmente documento nacional de identidade ou documento que o reemprace, da persoa que asine a proposición.

- Deberá presentarse a declaración responsable de que o licitador non está incurso naighuna das prohibicións para contratar coa Administración conforme ó establecido nos artigos 43 ao 62 da LCSP.

- Os licitadores deberán xustificar a súa solvencia económica e financeira, técnica ou profesional, utilizando de entre os medios de acreditación previstos nos artigos 63 ao 73 da LCSP os que se indiquen na folia de especificacións deste prego. Estes medios de acreditación deberá

xustificar que as empresas axústanse os criterios de selección que se fixan na folia de especificacións deste prego.

- A citada declaración responsable comprenderá expresamente as circunstancias de atoparse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social incluíndo que se atope en alta e ao corrente no pago do IAE, así como a non existencia de débedas tributarias ou doutro tipo coa Comunidade Autónoma de Galicia. Todo elo sen prexuízo da obrigación de presentar os certificados correspondentes, no prazo de 8 días hábiles dende a notificación da adjudicación provisional
- As empresas estranxeiras presentarán declaración de someterse á xurisdición española, para todas as incidencias que puideran xurdir do contrato, con renuncia ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidera corresponder ao licitante.

13.1.2. Os licitadores inscritos no rexistro de contratistas

Os licitadores que se atopan inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia deberán facelo constar así na parte exterior do Sobre A, consignando tamén o seu número de inscrición.

Ao abeiro do disposto no Decreto 262/2001, do 20 de Setembro, polo que se refunde a normativa reguladora do Rexistro Xeral de Contratista, se os licitadores se atopan inscritos no rexistro de contratistas, e consta nel que teñen actualizados os certificados de estaren ao corrente no pagamento das obrigas tributarias e da Seguridade Social, só deberán presentar a documentación que acredite a solvencia económica e financeira, técnica ou profesional.

No suposto de que algún destes certificados non conste actualizado no devandito rexistro, deberá acreditarse ante a mesa de contratación, ou de ser o caso, ante o órgano de contratación.

13.2. Documentación técnica e económica (Sobre B)

Os documentos onde se reflícten as características técnicas da oferta do licitador en relación coa realización do servizo obxecto da licitación e o esixido no Prego de Prescricións Técnicas.

Necesariamente incluíra a seguinte documentación:

- 15 -

- Xustificación dos prazos de execución nos que o licitador se compromete a realizar a servizo dende que se lle requira para o efecto, con expresión, se é o caso, da organización con elementos persoais e materiais para a execución do servizo
- Catálogos, descrições, fotografías, mostras e cantos outros datos e documentos permitan avaliar a adecuación das obras ofertadas á satisfacción das necesidades obxecto do contrato de conformidade co Prego de Condicións Técnicas
- Calquera outra información que, por considerala interesante o licitador, poida estar contida nos criterios a valorar polo órgano de contratación

O Sobre B conterá igualmente a Proposición Económica conforme ao modelo que figura no Anexo I. Non se aceptarán aquelas ofertas que teñan omisións, erros ou tachaduras que impidan coñecer claramente o que o Órgano de Contratación estime fundamental para a considerar a oferta. Cada licitador presentará unha soa proposición.

Cando nunha licitación que se siga por un procedemento aberto ou restrinxido se recollan criterios cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor e criterios avaliábeles de forma automática por aplicación de fórmulas, realizarase en primeiro lugar a avaliación das ofertas conforme aos criterios a cuantificación dos cales dependa dun xuízo de valor, deixándose constancia documental diso (a cláusula 16 do prego de especificacións precisará os criterios que dependan do xuízo de valor).

Nestes casos, a presentación da proposición virá dividida dentro en dous sobres independentes para facer posible a indicada valoración separada.

Sobre B: Documentación cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor

Sobre C: Proposición valorable de forma automática (oferta económica)
A mesa unha vez calificada e subsanada, no seu caso, a documentación persoal (Sobre A) procederá a apertura do Sobre B das proposicións admitidas e efectuará a súa avaliación, previos informes técnicos que se poidan solicitar.

Unha vez realizada a indicada avaliación, en día e hora previstos, procederase a apertura do sobre C, en acto público, previa publicación da valoración técnica (artigo 47 e 60 da Instrucción reguladora da Fundación)

- 16 -

O licitador non poderá subscribir ningunha proposta en agrupación temporal con outras empresas se xa o fixo individualmente. A infracción desta norma dará lugar á non admisión de todas as propostas por el subscribitas.

14.- Comisión de selección

A Comisión de Selección estará composta por:

- Un Presidente, que será o Director Económico-Administrativo da Fundación
- Tres Vocais, que serán o Director de Infraestruturas e Servizos Técnicos e os coordinadores das áreas de comunicación e marketing e comercial
- Un Secretario que será o Responsable de Compras da Fundación

A Mesa estará asistida polos técnicos asesores que se consideren necesarios, que a informarán sobre as cuestións das súas respectivas competencias e por requirimento da Mesa, pero sen dereito a voto. Poderán pedir, sen embargo, que consten en acta as observacións que consideren preciso formular.

Os membros da Comisión poderán delegar, noutros membros da mesma, por escrito e para cada sesión, a súa representación e voto.

Corresponde ao Presidente da Comisión de Selección acordar a convocatoria, dirixir as deliberacións e exercer cantas funcións sexan inherentes á súa condición. Dirimirá co seu voto en caso de empate.

Das reunións da Comisión de Selección levantarase acta, que será asinada por todos os seus membros.

Os membros da Mesa deberán pronunciarse necesariamente sobre a proposición que proceda facer ao Órgano de Contratación, sen posibilidade de abstención no correspondente votación. Os que discrepen do acordo adoptado pola maioría poderán facer constar en acta o seu voto particular ao tempo da sinatura.

Unha vez concluído o prazo sinalado para a presentación de ofertas, a Comisión de Selección examinará e calificará a documentación aportada, podendo conceder un prazo de subsanación non superior a 3 días hábiles, exclusivamente para a corrección de erros ou defectos materiais e subsanables

no tocante á Documentación contida no Sobre A; con apercibimento de exclusión definitiva do licitador que nese prazo non realice a subsanación. A estes efectos, a Fundación comunicará verbalmente ós interesados, sen prexuízo de que as circunstancias reseñadas se comuniquen por fax ou correo electrónico (con confirmación da recepción) e se fagan públicas a través do anuncio do Presidente da Comisión de Selección na páxina web www.feiragalicia.com da Fundación.

As proposicións serán secretas e arbitrarase os medios que garantan tal carácter ata o momento da licitación pública.

A Comisión, no día sinalado para o anuncio, procederá á apertura das proposicións en acto público.

A Comisión formulará a correspondente proposta de adjudicación a ao Órgano de Contratación, unha vez ponderados os criterios que deban aplicarse para efectuar a selección do adxudicatario. A proposta non crea dereito ningún en favor do licitador proposto.

15.- Criterios de adjudicación

Os criterios de adjudicación son os sinalados no apartado 15 da folia de especificacións.

16.- Adjudicación da contratación

A Comisión de Selección elevará ao Órgano de Contratación as proposicións xunto coa acta e a proposta de adjudicación que incluíra en todo caso a ponderación dos criterios previstos no punto anterior, sen que esta proposta cree dereito algún a favor do licitador proposto.

O Órgano de Contratación procederá á adjudicación provisional do contrato no prazo máximo de un mes a contar dende a apertura de proposicións podendo adjudicar á proposta máis ventaxosa, sen prexuízo do dereito a renunciar á celebración do contrato ou desistir do procedemento de acordo co artigo 139 da LCSP.

A adjudicación provisional publicarase no perfil de contratante e notificaráselle ao adxudicatario.

A adjudicación ao licitador que presente a oferta máis ventaxosa non procederá cando o devandito Órgano presuma fundadamente que a proposición non poda ser cumprida como consecuencia da inclusión na mesma de valores anormais ou desproporcionados (para a consideración de oferta con valores anormais ou desproporcionados aplicarase o disposto no artigo 136 da LCSP).

A elevación a definitiva da adjudicación provisional non poderá producirse antes de que transcorran _____ días (15 días na tramitación ordinaria e 8 días na tramitación urgente) hábiles contados dende o seguinte a aquel en que se publique a adjudicación provisional no perfil de contratante.

17.- Obrigas previas á adjudicación definitiva

No prazo de _____ días hábiles, seguintes a aquel no que se publique a adjudicación provisional no perfil de contratante, o adxudicatario deberá presentar a documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e calquera outros documentos acreditativos da súa aptitude para contratar ou da efectiva disposición dos medios que se houbesen comprometido a adicar, ou adscribir á execución do contrato, conforme ao artigo 53.2 da LCSP, que lle reclame o Órgano de Contratación, así como constituir a garantía, que no seu caso, sexa procedente.

18.- Formalización do contrato

O documento de formalización subscribíse pola Directora Xeral da Fundación Semana Verde de Galicia e o contratista, nun prazo de cinco días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da notificación da adjudicación definitiva.

En ningún caso poderá introducirse no documento de formalización mencións que contraveñan ao disposto nos pregos que serven de base á licitación.

O contrato poderá formalizarse mediante escritura pública cando así o solicite o adxudicatario, e correrán ao seu cargo os gastos derivados do seu outorgamento.

Cando por causas imputables ao adxudicatario, non puidera formalizarse o contrato dentro do prazo indicado, a Fundación Semana Verde de Galicia poderá acordar a resolución do mesmo.

- 19 -

19.- Execución do contrato

O contratista estará obrigado á comezar co servizo no prazo _____, ou no inferior que se deduza da súa oferta, a contar dende a notificación da adjudicación definitiva.

A entrega efectuarase oficinas administrativas da Fundación Semana Verde de Galicia, situadas dentro do Recinto Feiral.

Os gastos de entrega e transporte e calquera outros que puideran xurdir serán por conta do adxudicatario.

O adxudicatario non terá dereito á indemnización por causa de perdas, avarías ou prexuízos ocasionados nos bens antes da súa entrega á Fundación, segundo o establecido no parágrafo precedente, agás que esta incorrese en mora ó recibilos.

A entrega, para a súa constatación, esixirá por parte da Fundación un acto formal e positivo de recepción e conformidade, dentro do mes seguinte de producirse. Cando a devandita comunicación sexa preceptiva.

Se o servizo non se atopa en estado de poder ser recibido, farase constar na acta de recepción e daránse as instrucións precisas ao adxudicatario para que emende os defectos observados ou para que proceda a unha renovación, de conformidade co pactado.

En ningún caso, o outorgamento do contrato suporá a existencia dunha relación laboral entre a Fundación e o contratista.

Á extinción do contrato non poderá producir en ningún caso a consolidación das persoas que realizarán os traballos obxecto do contrato como persoal da Fundación.

20.- Cesión de dereitos de propiedade intelectual e industrial

O contratista cédelle en exclusiva a Fundación contratante a titularidade dos dereitos de propiedade intelectual, agás os de carácter moral, así como os dereitos de propiedade industrial, sobre a totalidade das creacións resultado deste contrato.

A cesión abrangue todas as modalidades de explotación actualmente recoñecidas pola lexislación vixente, tales como edición, representación, gravacións e

- 20 -

reproduccións audiovisuais, informáticas, ...; todo isto incluíndose calquera forma ou soporte legalmente admitido. Para tal efecto, o contratista terá que entregarlle ao Órgano de Contratación, en perfecto estado para o uso ao que se destinan, os soportes orixinais que conteñan as creacións que resulten do contrato.

A cesión terá unha duración equivalente ao tempo máximo previsto na lexislación reguladora dos dereitos cedidos para a produción e uso destes.

A cesión destes dereitos á Fundación non ten limitación algunha en canto ao ámbito territorial para o exercicio de calquera dereito que deste derive.

O prezo pola cesión destes dereitos atópase comprendido no da licitación, non estando obrigada a Fundación a aboar ningunha cantidade suplementaria pola cesión de tales dereitos ou pola entrega de soportes que conteñan as creacións derivadas do contrato.

21.- Prerrogativas

O Órgano de Contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta.

Poderá así mesmo modificalos por razóns de interese público, dentro, en todo caso, dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados na normativa de contratación. En particular será de aplicación o disposto nos artigos 202, 203 e 272 da LCSP.

22.- Penalidades por demora

En caso de incumprimento do contrato ou dos prazos establecidos neste, por causas imputables ao adxudicatario, o Órgano de Contratación poderá optar indistintamente por:

- Declarar resolto o contrato, con perda da garantía
- Impoñerlle o adxudicatario as penalidades establecidas no artigo 196 da LCSP

Os importes das penalidades faranse efectivas mediante a dedución destes da facturación que se produza. En todo caso, a garantía constituída responderá da efectividade daquelas.

A constitución en mora non requirirá interpelación ou intimación previa por parte da Fundación Semana Verde de Galicia.

23.- Forma de pago

O adxudicatario terá dereito ó aboamento do servizo realizado e recibido, de conformidade cos termos establecidos na normas que rexen o contrato e conforme ó prezo convindo. En caso de que o contrato preveña prazos de execución ou realización de entregas parciais, a demanda da Fundación, o contratista terá dereito ó aboamento dos servizos realizados, en cumprimento dos citados prazos ou entregas parciais.

24.- Gastos esixibles ao adxudicatario

O adxudicatario estará obrigado a satisfacer os gastos dos posibles anuncios e de formalización do contrato. Así mesmo, correrá a cargo do adxudicatario, o que está incluído no orzamento ofertado, os gastos de transporte, instalación e colocación de todo se cada un dos elementos que compoñen o servizo. Igualmente, correrán ao seu cargo os impostos por calquera indole que grave nos diversos conceptos, mesmo o imposto sobre o valor engadido.

25.- Cesión de contrato

Admitirase a cesión de contrato sempre que as calidades técnicas do cedente non sexan causa determinante na súa adxudicación, e sempre que se cumpra nos requisitos establecidos no artigo 209 da LCSP.

O adxudicatario poderá concertar con terceiros a realización parcial do obxecto do contrato, de acordo coas condicións e requisitos establecidos no artigo 210 da LCSP, sempre e cando as prestacións parciais subcontratadas non excedan do 50% do importe de adxudicación. Os subcontratistas quedarán obrigados unicamente ante o contratista principal, que asumirá a total responsabilidade da execución do contrato fronte a Fundación, con suxeición estrita ás prescricións do presente prego, as prescricións técnicas e ás condicións establecidas na súa oferta técnica.

